

Os escritores piden unha maior presenza do idioma fronte á política de “odio” da Xunta

EUROPA PRESS > SANTIAGO

■ A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) leu onte un manifesto para reivindicar o idioma propio de Galicia fronte á política de “odio” da Xunta que “ameaza con derrubar o edificio que os séculos levantaron”, en palabras do presidente fundador da AELG, Bernardino Braña.

Na lectura do manifesto –que tivo lugar diante da estatua de Rosalía de Castro na Alameda de Santiago–, participaron escritores en lingua galega como, Rosa Aneiros, Xabier Docampo, Bieito Iglesias e Teresa Moure, entre outros,

que deixaron claro que estaban alí para “conxurarse en loita” cos que están en contra da súa “palabra” porque “non se pode ser galego contra o galego”, segundo a poeta e actriz Antía Otero.

“Restitución” > Así, a todos os unía unha causa común: Defender o galego e “reivindicar unha maior presenza” do idioma, tal e como expresou a poeta Marta Dacosta. Pola súa banda, o escritor Xabier Queipo asegurou que “o galego non se impón, restitúese”, en resposta á decisión adoptada por Núñez Feijóo de apostar polo



A Asociación de Escritores, na lectura do comunicado AGN/ JESSICA BARCALA

“bilingüismo” ante unha suposta “imposición do galego” levada a cabo polo bipartito.

Teresa Moure afirmou que “a lingua non vén só de nacemento,

senón que é ademais unha relación elixida”. Por iso, Bieito Iglesias afirmou que “nada hai no mundo máis podre que o desprezo pola diferenza”.